

IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA (IIVTNU) DECLARACIÓN TRANSMISIÓN INTER-VIVOS

MODELO PARA UTILIZAR EXCLUSIVAMENTE POR PERSOAS FÍSICAS¹ PARA PRESENTACIÓN EN FORMATO PAPEL

Presentación telemática asistida dispoñible na Sede Electrónica municipal <https://sede.ribeira.gal>, apartado Catálogo de Trámites-> "Declaración IIVTNU (Plusvalía) Actos Inter Vivos"

1.- DATOS DO INTERESADO:

D/Dª..... DNI./CIF.:.....

con enderezo en Código postal.....

de, teléfono e-mail².....

☐ Desexo ser notificado electronicamente (marcar con X)³

2.- DATOS DO REPRESENTANTE:

D/Dª..... DNI./CIF.:.....

con enderezo en Código postal.....

de, teléfono e-mail.....

3.- DATOS DA DECLARACIÓN:

O interesado que presenta esta declaración actúa: (Marque con unha x unha opción)

☐	I.- Como suxeito pasivo (ou na súa representación) e solicito: (Marque con unha x <u>unha</u> opción)
☐	A) A aplicación da seguinte exención ou suposto de non suxeición: (Marque con <u>unha</u> x <u>unha</u> opción)
☐	Inexistencia de incremento de valor do ben transmitido (104.5 do TRLRHL)
☐	Aportacións a sociedade conxugal (art. 104.3 TRLRHL),
☐	Transmisións a favor de fillos ou cónxuxes en aplicación de sentencias de nulidade ou divorcio (art. 104.3 TRLRHL)
☐	Dación en pago de vivenda habitual para cancelación de hipoteca (art. 105.1c TRLHL)
☐	Outras (Especificar indicando precepto legal):
☐	B) Que se me practique a oportuna liquidación do imposto, utilizando para iso o seguinte método de cálculo da base imponible: (Marque con unha x <u>unha</u> opción)
☐	a.- Método obxectivo: Valor catastral do solo x coeficientes art. 107.4 TRLRHL
☐	b.- Estimación directa: Diferencia entre valores reais de adquisición e transmisión.
☐	II.- En cumprimento do seu deber legal de comunicación da transmisión e realización do feito imponible.

¹ **ADVERTENCIA IMPORTANTE:** No caso de persoas xurídicas, entes sen personalidade xurídica e quenes exerzan unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria, en exercicio da devandita actividade profesional, incluídos notarios e rexistradores da propiedade e mercantís, estarán obrigados a presentar a declaración exclusivamente de forma telemática. O incumprimento desa obriga dará lugar a que a declaración non se teña por presentada a tódolos efectos legais. 2 Obligatorio se utiliza a notificación electrónica.

³ As notificacións electrónicas faranse a traveso da Sede Electrónica Municipal <https://sede.ribeira.gal> (Apartado Meus Trámites). Será requisito imprescindible para poder acceder as mesmas dispoñer de un Certificado dixital en vigor ou estar dado de alta no Sistema CI@ve <https://clave.gob.es>

* Dato obrigatorio

4.- DATOS INMOBLES TRANSMITIDOS:

REFERENCIA CATASTRAL Principal *	
REFERENCIA CATASTRAL Secundaria (garaxes e trasteiros)	
DIRECCIÓN DO INMOBLE*	

5.- IDENTIFICACIÓN DA TRANSMISIÓN:

A - Tipo de transmisión (marcar con X) *:					
☐ Compravenda	☐ Doazón	☐ Permuta	☐ Adxudicación xudicial	☐ Outros. Especificar	
B - Dereito transmitido (marcar con X) *:					
☐ Propiedade	☐ Nuda Propiedade	☐ Usufructo	☐ Uso/Habitación	☐ Outros. Especificar	
C- Data da transmisión *:		D - Porcentaxe que se transmite *:		H - Valor da transmisión : ⁴	
F -Notario/ Órgano xudicial *:		E - Número de Protocolo/Procedemento *:		G - Data Protocolo/Procedemento *:	

6.- DATOS DE TRANSMISIÓN ANTERIORES (escolla unha opción)

☐	Opción A) - ADQUISICIÓN DO INMOBLE DE UNHA VEZ					
	Data de adquisición polo transmitente:		Valor da adquisición 4:			
☐	Opción B) - ADQUISICIÓN DO INMOBLE EN DATAS SUCESIVAS POR ETAPAS					
	Data da primeira adquisición:		Porcentaxe adquirido na primeira adquisición:		Valor da primeira Adquisición4	
	Data da segunda adquisición:		Porcentaxe adquirido na segunda adquisición:		Valor da segunda Adquisición4	

7 - Así mesmo, manifesto:

8.- DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA (marcar con X):

☐	1.-	Documento de identidade da persoa interesada *
☐	2.-	Copia completa do documento de transmisión, escritura pública, auto xudicial, etc... *
☐	3.-	Documento de identidade da persoa representante ou autorizada (no seu caso)
☐	4.-	Documento asinado da representación ou autorización (no seu caso)

Documentación para determinar a base imponible polo método de estimación directa por diferenza entre o valor real de transmisión e adquisición ou a non suxeición por inexistencia de incremento de valor

☐	5.-	Copia do documento de transmisión anterior, escritura pública, auto xudicial, etc...4
☐	6.-	Copia da declaración do Imposto sobre Sucesións si a transmisión anterior se produciu por herdanza.
☐	7.-	Outros documentos. (Especificar):

En....., a de de 20.....

Á atención da ALCALDÍA-PRESIDENCIA DO CONCELLO DE RIBEIRA

⁴ Obligatorio si escolleu a opción de Determinación da Base imponible por diferenza entre valores reais de transmisión e adquisición ou se solicitou a exención por inexistencia de incremento de valor dende a data de adquisición.

*Dato obrigatorio

INSTRUCCIÓN

Poderán utilizar este impreso para presentar a declaración do Imposto sobre incremento de valor de terreos de Natureza Urbana (Plusvalía) cando se realice unha transmisión por un acto Inter vivos, tanto a título oneroso (p. ex. compravendas) como lucrativo (p.ex. doazóns):

- 1º- Suxeitos pasivos do imposto que desexen solicitar que o concello lle practique a oportuna liquidación.
- 2º- Suxeitos pasivos que desexen solicitar ou acreditar a exención ou non suxeición ao imposto por algunha das razóns recollidas na lei.
- 3º - Aquelas persoas ou entidades que están obrigadas a comunicar á Administración a realización do Feito imponible do imposto sen ser Suxeito pasivo do mesmo.

AVISO IMPORTANTE: Non utilice este impreso para presentar na Sede Electrónica municipal ou calquera outro Rexistro de xeito telemático. Ten a súa disposición un procedemento para a presentación telemática asistida dispoñible na Sede Electrónica municipal <https://sede.ribeira.gal> , apartado Catálogo de Trámites-> "Declaración IIVTNU (Plusvalía) Actos Inter Vivos"

PRAZOS DE PRESENTACIÓN DA DECLARACIÓN

De conformidade co disposto no artigo 110.2 a) do TR 2/2004 da lei reguladora das facendas locais, a declaración deberá presentarse nun prazo máximo de 30 días hábiles a contar dende a data de transmisión.

AXUDA - DATOS A ACHEGAR

A- DATOS DA DECLARACIÓN

(1) -" O INTERESADO QUE PRESENTA ESTA DECLARACIÓN ACTÚA COMO SUXEITO PASIVO (OU NA SÚA REPRESENTACIÓN) "

- Escolla esta opción se vostede ou o seu representado son Suxeitos Pasivos do imposto; de conformidade co disposto no artigo 106 TRLRHL, **considérase suxeito pasivo do imposto:**

a) Nas transmisións a título oneroso (compravendas ou transmisións con compensación para o transmitente), o transmitente ou vendedor, salvo se trátase dunha persoa física non residente en España, nese caso será substituído do contribuínte o adquirente ou comprador.

b) Nas transmisións a título gratuito (doazóns ou transmisións sen compensación para o transmitente), o adquirente ou comprador.

ADVERTENCIA IMPORTANTE: De conformidade co previsto no artigo 17 LXT 58/2003, os pactos ou acordos entre as partes sobre o pago do imposto non vinculan ao concello e non alterarán a identidade do Suxeito pasivo segundo o exposto.

A)-"SOLICITUDE DE EXENCIÓN OU NON SUXEIÇÃO".

Se vostede é o suxeito pasivo do imposto e desexa solicitar unha exención ou aplicación de causa de non suxeición, escolla a opción correspondente.

ADVERTENCIA IMPORTANTE: Se desexa solicitar a **non suxeición por inexistencia de incremento de valor** desde a adquisición anterior, deberá acreditar a esta Administración de forma fidedigna tanto o valor da adquisición inicial, como a da transmisión actual.

B)-"OPCIÓN DE CÁLCULO DE BASE IMPOÑIBLE"

De conformidade co disposto no artigo 107 TRLRHL, a base imponible do imposto poderase calcular de dúas maneiras, á súa elección:

1ª) Polo método obxectivo, para o que se tomará o valor catastral do chan no momento da transmisión e multiplicarase polos coeficientes previstos na lei en función do número de anos que pasasen desde o anterior pagamento do imposto.

2ª) Pola diferenza real entre o valor de adquisición e o de transmisión, para o que se deberá achegar obrigatoriamente a xustificación documental de ambos os valores.

Ten a súa disposición un **Simulador para o cálculo do imposto** polos dous métodos expostos no apartado da **Sede Electrónica** municipal "**Recibos e impostos**".

ADVERTENCIA IMPORTANTE: De conformidade co disposto no artigo 119.3 LXT 58/2003, **correspóndelle ao Suxeito pasivo a elección do método que estime oportuno**, polo que en ningún caso aceptárase a imputación do concello a devandita elección, con expresións coma "que se me aplique a opción máis favorable" ou similares.

(2)-"O INTERESADO QUE PRESENTA ESTA DECLARACIÓN ACTÚA EN CUMPRIMENTO DO SEU DEBER LEGAL DE COMUNICACIÓN DA TRANSMISIÓN E REALIZACIÓN DO FEITO IMPOÑIBLE."

- Escolla esta segunda opción se vostede non é o Suxeito pasivo e está obrigado a comunicar á Administración a transmisión por ministerio da lei. De conformidade co previsto no artigo 110.6 TRLRHL, deberán comunicar a este concello a realización do feito imponible:

a) Nas transmisións a título oneroso, o transmitente ou vendedor.

b) Nas transmisións a título gratuito, o adquirente ou comprador.

B- DATOS DO INMOBLE

Especifique a referencia catastral do inmovible sobre o que recae a transmisión gravada. Se a transmisión comprendese anexos tales como garaxes, rochos, etc. Que teñan asignada unha referencia catastral independente, indíquea.

C- DATOS DA TRANSMISIÓN

Achega os datos necesarios para identificar plenamente a transmisión, indicando:

Tipo de transmisión: Identifique o tipo de negocio xurídico que dá lugar á transmisión:

Compravenda, doazón, etc.

Dereito transmitido: Dereito que é obxecto de transmisión: Propiedade plena, Nuda Propiedade, Usufruto, etc.

Coefficiente que se transmite: Porcentaxe do dereito que se transmite. Por defecto enténdese o 100%. Se transmite só unha parte, indique a porcentaxe.

Data da transmisión: Indique a data de celebración do negocio xurídico. No caso de documentarse mediante escritura pública, será a data da devandita escritura, salvo que se indique o contrario na mesma.

Valor da transmisión: No caso de que elixa como método de determinación da base imponible a diferenza real entre o valor de adquisición e de transmisión, ou solicite a aplicación da non suxeición por inexistencia de incremento de valor sobre o valor de adquisición, deberá consignar o importe do valor da transmisión, segundo resulte da escritura notarial, resolución xudicial ou administrativa.

Núm. Protocolo/Procedemento: Indique o número de protocolo da escritura notarial ou no seu caso, o número de sentenza ou auto xudicial.

Notario/Órgano Xudicial: Indique o nome do Notario autorizante da escritura pública ou no caso de adxudicación xudicial, o xulgado que emitiu a resolución indicando sede e número.

Data protocolo/procedemento: Indique a data da escritura pública notarial ou da resolución xudicial ou administrativa.

D- DATOS DAS TRANSMISIÓNS ANTERIORES

Este apartado só é obrigatorio para os declarantes suxeitos pasivos, non para aqueles que declaran a realización do feito imponible por obrigación legal.

Indique se o ben transmitido foi adquirido no seu día dunha vez ou de forma sucesiva en datas distintas por títulos distintos, por exemplo no caso de adquisición por herdanza de bens adquiridos dos proxenitores que falecen en datas distintas.

"Data de adquisición polo transmitente": A data de devindicación do imposto anterior será con carácter xeral a data de adquisición do ben polo transmitente, coas seguintes excepcións:

- 1º) No caso de adquisición dun ben por herdanza, tomarase a data de falecemento do causante, e non a data de aceptación ou partición de herdanza.
- 2º) Se dita adquisición considerouse como unha operación non suxeita pola lei ao imposto (p.ej: adquisición para unha sociedade de lucrativas, operación non suxeita por inexistencia de incremento de valor,ec.) tomarase a data da transmisión anterior non suxeita.

"Valor da transmisión anterior": No caso de que elixa como método de determinación da base imponible a diferenza real entre o valor de adquisición e de transmisión, ou solicite a aplicación da non suxeición por inexistencia de incremento de valor sobre o valor de adquisición, deberá consignar o importe do valor da transmisión, segundo resulte da escritura notarial, resolución xudicial ou administrativa.